



BOP

MÉRCORES, 19 DE MARZO DE 2025

N.º 064

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foi tomado en consideración o proxecto da obra:

2025/CON_02/000027.- O CORGO - LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1602 "SAN CRISTOVO (N-VI) - ADAI - ROMEÁN (LU-106)", P.K. 3+223 A 8+547, LU-P-1606 "ADAI (LU-P-1602) - QUEIZÁN", P.K. 0+000 A 2+652 E LU-P-2918 "LUGO (LU-530) - SANTA MARÍA DE BÓVEDA - ADAI (LU-P-1602)", P.K. 9+736 A 9+856

2025/CON_02/000029.-LÁNCARA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2703 "POBRA DE SAN XIAO (LU-614) - CARRACEDO (LU-622)" P.K. 0+000 A 0+527

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, e demais normativa de aplicación, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de VINTE (20) días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade e aos efectos establecidos no Art. 93 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de Abril e no Art. 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O devandito proxecto estará a disposición no portal de transparencia da Deputación Provincial <https://portaltransparencia.deputacionlugo.org>

Lugo, 17 de marzo de 2025.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0703

CONCELLOS

CARBALLEDO

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 17 de marzo de 2025 polo Pleno deste Concello, o expediente do Orzamento Xeral, as Bases de Execución, a Relación de postos de Traballo e a Plantilla de Persoal para o exercicio 2025, expónse ao público polo prazo de quince días, durante o cal, os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e co artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

O expediente considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 17 de marzo de 2025.- O Alcalde, Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 0704

CHANTADA

Anuncio

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á NATALIDADE DO CONCELLO DE CHANTADA

1.- OBXECTO

As presentes bases teñen por obxecto o establecemento do procedemento para a concesión de axudas a natalidade do Concello de Chantada, xa que coa finalidade de fixar poboación resulta necesario deseñar mecanismos que favorezan o nacemento e a crianza de nenos e nenas.

No exercicio 2025 as axudas configúranse como segue:

LIÑA 1: Axudas de primeiro ano de nacemento ou adopción

LIÑA 2: Axudas de segundo ano de nacemento ou adopción

2.- REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

LIÑA 1: AXUDAS AO PRIMEIRO ANO DO NACEMENTO OU ADOPCIÓN

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais e nais que están empadroados/as no Concello de Chantada e que teñan ou adopten un fillo/a no período comprendido entre o 1 de setembro de 2024 e o 31 de decembro de 2025, sempre que non teñan sido xa beneficiarios/as das axudas á natalidade correspondentes ao exercicio 2024 e que cumpran os seguintes requisitos:

- A. Os pais/nais ou polo menos un de eles, deberán estar en situación regular en España e estar empadroados/as no Concello de Chantada cunha antelación mínima de 1 ano á data de parto ou adopción.
- B. Os nenos/as nacidos/as ou adoptados/as deberán estar empadroados/as no Concello de Chantada.
- C. Os solicitantes ou solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroados/as no Concello de Chantada, el/ela e os nenos/as, por un período de catro anos dende o nacemento ou adopción.
O empadramento/a deberá supor a residencia efectiva, polo que tanto o beneficiario/a das axudas coma os nenos/as deberán vivir habitualmente no Concello de Chantada. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando os informes pertinentes (traballadores sociais, policía local, etc..). No suposto de que non se cumprise este requisito iniciárase un procedemento de reintegro da subvención.
- D. Os solicitantes ou solicitante da axuda non poden contar con débedas coa administración estatal, autonómica e/ou local
- E. Certificado de familia monoparental, de ser o caso

LIÑA 2: AXUDAS DE SEGUNDO ANO DE NACEMENTO OU ADOPCIÓN

Serán beneficiarios/as destas axudas os pais nais que estean empadroados no Concello de Chantada e que tivesen ou adoptasen un fillo/a no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e 31 de decembro de 2024, tivesen solicitado ou non a axuda a natalidade do Concello de Chantada correspondente ao exercicio 2024 e sempre que cumpran o requisitos establecidos do punto anterior.

3.- TIPOS E CONTÍA DAS AXUDAS

Na ampliación orzamentaria 231.489.06 do orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2025 dotouse crédito por importe de 45.000 euros para a concesión das axudas á natalidade para o exercicio 2025.

LIÑA 1:

As axudas serán de 800 euros por neno/a nacido/a ou adoptado/a.

LIÑA 2:

As axudas serán de 400 euros por neno/a nacido/a ou adoptado/a.

4.- SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

• Solicitud

As axudas reguladas na presente convocatoria solicitaranse mediante a presentación no rexistro Xeral do Concello de Chantada, por calquera dos medios previstos na normativa vixente, dos modelos normalizados previstos nos Anexos das presentes bases reguladoras de acordo co que se indica a continuación:

As solicitudes deberán estar debidamente asinadas e deberán ir acompañadas inescusablemente da seguinte documentación (orixinal ou copia debidamente compulsada):

- DNI ou NIE do/a solicitante, e tratándose de estranxeiros documento que acredite a residencia legal en España.
- Certificado de nacemento expedido polo Rexistro Civil ou copia do auto xudicial de adopción, no seu caso.
- Certificación de titularidade do número de conta bancaria do solicitante no que se recibirá a axuda.
- Declaración xurada de axudas recibidas ou solicitadas para a mesma finalidade (ANEXOII)
- Compromiso de seguir empadroado no Concello de Chantada por un período mínimo de catro anos(ANEXO I)
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma ou ben cando sexa probado por parte do Concello que non se cumpre algún dos citados requisitos. En calquera caso iniciárase un procedemento de reintegro de comprobarse a falta de cumprimento dalgún destes requisitos.(ANEXO I)
- Declaración xurada de estar o corrente coas obrigas tributarias da AEAT E ATRIGA e da Seguridade Social de ámbolos proxenitores (ANEXO II).

O Concello de Chantada comprobará, de oficio que o/a solicitante está ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias coa facenda local, emitindo a Tesouraría Municipal a tales efectos o correspondente informe. Do mesmo xeito, o Concello de Chantada comprobará de oficio a situación da unidade familiar en relación co padrón municipal.

No suposto de que a documentación sinalada estivese xa en poder da Administración, por ter solicitado as axudas á natalidade no exercicio anterior ou calquera outra circunstancia, non será necesario aportala de novo sempre que non haxan unha variación das circunstancias iniciais.

De conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o Concello de Chantada comprobará as solicitudes, datos e documentación presentada. No caso de que a solicitude non cumprise os requisitos da convocatoria o Concello requirirá aos interesados para que presenten a documentación correspondente no prazo de dez días hábiles.

- Prazo de presentación de solicitudes

LIÑA 1:

O prazo de presentación de solicitudes será de 4 meses dende o nacemento ou adopción ou no caso de nacementos ou adopcións producidos antes da publicación das presentes bases o prazo será de 4 meses dende a publicación das presentes bases.

LIÑA 2:

O prazo de presentación de solicitudes será dende a publicación das presentes bases ata o 30 de outubro de 2025.

5.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión de estas subvencións será o de convocatoria aberta en réxime de concorrencia competitiva ata esgotar o crédito orzamentario e ata a data de presentación de solicitudes, sendo a orde de prelación, na concesión das axudas a data de presentación das solicitudes, producíndose varias resolucións ao longo do ano, sen esperar ao esgotamento do prazo da convocatoria. As solicitudes cursadas no ano 2024 terán dereito á cantidade establecida polo segundo ano de nacemento do cativo ou cativa, sempre e cando cumpran cos requisitos establecidos.

A instrución do procedemento corresponderalle ao Educador/a Social do Concello de Chantada.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos para formular a proposta de resolución e realizará unha avaliación previa na que se verificará o cumprimento dos requisitos para adquirir a condición de beneficiario da subvención. O órgano instrutor emitirá o informe correspondente.

A comisión avaliadora estará integrada por dous Traballadores Sociais do Concello de Chantada e a Tesoureira Municipal.

Á vista da avaliación previa efectuada polo órgano instrutor a comisión avaliadora emitirá novo informe.

Finalmente o órgano instrutor formulará unha proposta de resolución, que será notificada aos interesados, concedéndose un prazo de alegacións de dez días hábiles, no caso de que a solicitude fose desestimada. No caso de que fose estimada omitirase dito trámite.

O órgano competente para a resolución do procedemento será a Xunta de Goberno Local do Concello de Chantada. O prazo para a resolución do procedemento será de 3 meses dende a presentación da solicitude. Transcorrido dito prazo sen que se ditase resolución expresa entenderase desestimada a solicitude.

6.- PUBLICIDADE

As presentes bases serán obxecto de publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia do Concello de Chantada e na páxina web do Concello.

7.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade que poda obterse de outros organismos.

8.- NORMATIVA SUPLETORIA

En todo o non previsto nas presentes bases, aplicarase o disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Chantada para o exercicio 2025, así como o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e demais normas e regulamentos de aplicación.

9.- IMPUGNACIÓN

Contra o acordo de aprobación definitiva destas bases poderá interpoñerse polas persoas interesadas recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde do Concello de Chantada, no prazo dun mes dende a publicación do acordo de aprobación ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

10.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

RESPONSABLE	Concello de Chantada
FINALIDADE	Xestión das axudas de natalidade do Concello de Chantada
DESTINATARIOS	Soamente se efectuarán cesións e transferencias previstas legalmente ou autorizadas mediante o consentimento
DEREITOS	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como todos os dereitos previstos na normativa sobre protección de datos

Chantada, 14 de marzo de 2025.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

ANEXO I**SOLICITUDE DE AXUDAS DE APOIO Á NATALIDADE DO CONCELLO DE CHANTADA PARA O EXERCICIO 2025**INDICAR TIPO DE AXUDA QUE SOLICITA: LIÑA 1 OU LIÑA 2

Datos da persoa solicitante: _____

– Nome e apelidos do solicitante _____

– DNI n.º: _____ Teléfono: _____

– Enderezo: _____

Datos do/a fillo/a

– Nome e apelidos: _____

– Data de nacemento ou adopción: _____

 Comprométome a seguir empadroadado/a e con residencia efectiva, tanto eu como o/a meu/miña fillo/a, no Concello de Chantada por un período mínimo de catro anos. Comprométome á devolución desta axuda no caso de incumprir algún dos requisitos esixidos para a súa concesión. Autorizo ó Concello de Chantada a comprobar o certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, onde figure a data de alta no padrón de habitantes, cuxa finalidade é única e exclusivamente para a solicitude de axudas a prol da natalidade no Concello de Chantada. Autorizo ó Concello de Chantada a comprobar, de oficio estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias coa facenda local.

(Sinatura da persoa solicitante ou persoa que a representa)

Datos do/a cónxuxe ou parella (se é o caso)

- Nome e apelidos: _____

- DNI n.º: _____

 Autorizo ó Concello de Chantada a comprobar o certificado de padrón e convivencia da unidade familiar, onde figure a data de alta no padrón de habitantes, cuxa finalidade é única e exclusivamente para a solicitude de axudas de apoio a natalidade no Concello de Chantada, sempre e cando conste neste Concello. Autorizo ó Concello de Chantada a comprobar, de oficio estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias coa facenda local.

(Sinatura do/a cónxuxe ou parella)

Chantada, de de

**ANEXO II
DECLARACIÓN XURADA**

Don/a _____, con DNI n.º _____
e domicilio en _____
e don/a _____, con DNI n.º _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

Estar ó corrente coas obrigas tributarias da AEAT E ATRIGA e da Seguridade Social

- Que non teño nin solicitada, nin recibida, nin pendente de resolución ningunha outra axuda pola mesma finalidade en ningunha administración pública ou organismo competente.
- Que teño solicitada, e/ou recibida, ou pendente de resolución axuda pola mesma finalidade coa seguinte identificación:

Chantada, de de

Sinatura da persoa solicitante ou persoa que a representa

Sinatura do outro proxenitor ou proxenitora

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación do Cadro de persoal e do Anexo de Persoal do Orzamento Xeral para o ano 2025. Expte. 907/2024

Rematado o prazo de exposición pública do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 18 de febreiro de 2025 onde se aprobou inicialmente a modificación do Cadro de persoal e do Anexo de Persoal do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2025, sen que se presentase reclamación algunha contra a mesma, enténdese elevado a definitivo conforme ao disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo.

CADRO DE PERSOAL CONCELLO DE GUITIRIZ. ANO 2025

I. POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL FUNCIONARIO					
1.1 ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Secretaría	Secretaría (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
Intervención	Intervención-Tesourería (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
1.2 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Técnico Medio Xestión Económica	Xestión	A2	22	1	0
Técnico/a de Emprego	Técnica	A1/A2	24	1	0
Administrativo/a	Administrativa	C1	18	6	3
Conserxe colegio e instalacións municipais	Subalerno	AP s Tit	14	1	1
Conserxe instalacións municipais	Subalerno	AP s Tit	14	1	0
Auxiliar Administrativo/a	Auxiliar	C2	14	1	0
1.3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Policía	Servizos Especiais	C1	16	2	1
Arquitecta técnica municipal	Técnica	A2	24	1	0
Técnico Medio Ambiente	Técnica	A1	24	1	0
Encargado de Obras	Servizos Especiais	C2	14	1	1

II) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL FIXO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Traballadora Social	1	0
Conserxe-condutor	1	0
Limpiadoras	4	1

Peón servizos	2	0
Técnica Medio Encargada PAI	1	0
Monitor Deportes- Encargado	1	0
Brigada Verde - Peón Coordinador	1	0
Brigada Verde - Peón	8	5
Auxiliar Axuda no Fogar	28	2
Peón de SSMM	4	0
Traballador/a Social SAF	2	1
Auxiliar xeriatria CD	3	1
Cociñeiro/a	1	0
Técnico/a Turismo	1	0
Tecnico/a Medio PAI	3	1
Terapeuta ocupacional CD	1	0

III) POSTOS DE TRABALLO DE PERSOAL LABORAL INDEFINIDO

DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Técnico/a educación familiar	1	0

IV) PERSOAL EVENTUAL

DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Coordinador de areas.	1	0

Guitiriz, 18 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0721

AS NOGAIS

Anuncio

Expediente número: 79/2025

De acordo cos artigos 6.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de Transparencia e bo Goberno, relativo á información institucional, organizativa e de planificación, e o 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que regula a publicación dos actos administrativos, e os principios de transparencia e publicidade das Administracións Públicas; dáse publicidade á resolución de Alcaldía de data 13 de marzo de 2025, número 2025-0057, pola que se aproba o "Plan estratéxico de subvencións do Concello de As Nogais para o período 2022-2027.

Contra este acordo cabe recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da devandita xurisdición.

En As Nogais, a 13 de marzo de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2025-2027

1. Finalizade do Plan estratéxico de subvencións e natureza xurídica do mesmo.**1.1 Finalidade do Plan estratéxico de subvencións.**

Unha parte relevante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, executando a actividade de fomento, co obxectivo esencial de poder dar cumprida resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades de natureza pública ou privada.

Coa finalidade mellorar a eficacia e a eficiencia no outorgamento das diferentes subvencións e axudas públicas, as normativas de subvencións tanto estatal como galega establecen, de igual forma, a oportunidade de elaborar un Plan Estratéxico de Acción Subvencional (PES), a desenvolver nun determinado espazo temporal, con unha adecuada conexión entre os obxectivos e os efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as fontes de financiamento.

Polo demais, o plan estratéxico de subvencións forma parte, en termos xerais, do tratamento do gasto público ao que vai unido. Esa vinculación sinálase de forma expresa na exposición de motivos do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (en adiante RXS) ao indicar que *«se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencións»*.

En materia de subvencións, tanto directas como en concorrencia, este Concello vén cumprindo cos requisitos de publicidade e transparencia esixidos pola normativa e coas súas obrigas de control económico e financeiro; aínda así é preciso seguir avanzando para dotar ao Concello dun instrumento planificador e programático que sirva de apoio á planificación e xestión das políticas públicas que teñen por obxectivo a acción administrativa vinculada ao fomento.

Neste senso, tanto o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS), como os artigos que van do 10 ao 15 do (RXS), regulan polo miúdo o seu contido mínimo.

Unha parte relevante da actividade financeira do sector público canalízase a través de subvencións, executando a actividade de fomento, co obxectivo esencial de poder dar cumprida resposta a demandas sociais e económicas de persoas e entidades de natureza pública ou privada.

Coa finalidade mellorar a eficacia e a eficiencia no outorgamento das diferentes subvencións e axudas públicas, as normativas de subvencións tanto estatal como galega establecen, de igual forma, a oportunidade de elaborar un Plan Estratéxico de Acción Subvencional (PES), a desenvolver nun determinado espazo temporal, con unha adecuada conexión entre os obxectivos e os efectos que se pretenden conseguir, cos custes previsibles e as fontes de financiamento.

Polo demais, o plan estratéxico de subvencións forma parte, en termos xerais, do tratamento do gasto público ao que vai unido. Esa vinculación sinálase de forma expresa na exposición de motivos do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de subvencións (en adiante RXS) ao indicar que *«se conciben como un instrumento necesario para conectar a política de asignación orzamentaria aos rendementos e obxectivos acadados en cada política pública xestionada a través de subvencións»*.

O plan estratéxico de subvencións formúlase sobre estes piares:

- Ser un instrumento para o deseño e avaliación da actividade municipal de fomento, respecto de actividades de utilidade pública ou interese social, ou ben de promoción de finalidades públicas, en termos de eficacia e eficiencia no destino dos recursos públicos, e sobre todo no escenario orzamentario e financeiro actual condicionado polos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade económico- financeira.
- Potenciar a transparencia e publicidade na xestión desta política e acción administrativa de fomento.
- Dar coherencia aos obxectivos estratéxicos e operativos, en relación con cada concreta liña de subvencións, de modo que sexa necesario un específico deber de motivación das desviacións que eventualmente se produzan respecto das súas previsións (obxectivos estratéxicos e operativas).

1.2 Natureza xurídica do Plan estratéxico de subvencións.

A lexislación aplicable no presente plan estratéxico é a seguinte:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS);
- Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 (RGS), Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia (RSG), artigos 6 e 7. Aínda que, de acordo co seu artigo 1.3, *«as disposicións deste Regulamento non serán de aplicación ás entidades locais de Galicia nin aos organismos ou entidades dependentes delas»*, tívose en conta a regulación para a elaboración do presente Plan estratéxico de subvencións do Concello de As Nogais (PESCV, no sucesivo)

- Bases anuais de execución do Orzamento municipal.

O artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público fixa como un dos principios que debe respectar na súa actuación calquera Administración pública o da «*planificación e dirección por obxectivos e control da xestión e avaliación dos resultados das políticas públicas*».

Do mesmo xeito, o artigo 8 da LXS establece que os «*órganos das Administracións públicas deben concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria*».

Por outra parte, a actividade subvencional da Administración Pública «*debe ser planificada co obxecto de realizar unha asignación equitativa, eficaz, eficiente e económica dos recursos públicos con pleno sometemento á lei e ao dereito*».

Destas consideracións e da definición que o propio artigo 10 do RXS realiza destes plans como instrumentos de planificación das políticas públicas cuxo obxecto é fomentar actividades de utilidade ou finalidade pública ou interese social, resulta a súa consideración xurídica como instrumentos programáticos de xestión, de natureza non regulamentaria, elaborados e aprobados polo órgano administrativo competente para propoñer o establecemento de liñas de subvencións.

O PES ten por finalidade seleccionar as mellores políticas públicas de fomento e a eficiencia na utilización do gasto público, respectando as limitacións derivadas do principio de estabilidade orzamentaria, de forma que permita racionalizar a acción de fomento, mantendo e mesmo aumentando as partidas económicas que se viñan dedicando, facendo rendibles os recursos por definición limitados, mediante criterios eficaces, e que redunden nun maior beneficio para o conxunto do municipio.

A aprobación do PES non xera “*per se*” dereitos nin obrigas para a Administración, quedando a súa efectividade condicionada á aprobación das convocatorias das diferentes liñas de subvención ou subvencións directas, así como das dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio.

O órgano que ten atribuída a función de desenvolvemento da xestión económica e, por tanto, a execución do Plan Estratéxico de Subvencións, competente para a concesión de axudas ou subvencións será o Alcalde, sen prexuízo das delegacións que existan no seu caso.

1.3 Ámbito subxectivo do Plan.

O punto 1, apartado b) e o punto 2 do artigo 3 da LXS sinalan que a dita normativa de subvencións resulta de aplicación ás outorgadas polas entidades que integran a Administración local, pero tamén ás outorgadas polos organismos e demais entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera delas, na medida en que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio das potestades administrativas, así como que os entes de dereito privado, vinculados ou dependentes da administración local – neste caso – lle serán de aplicación os principios xerais contidos nesta Lei (publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia) e os de información aos que se refire o artigo 20 (BDNS).

Ao mesmo tempo, o artigo 8 relativo ao Plan estratéxico de subvencións inclúe «*aos órganos das administracións públicas ou a calquera ente que propoña o establecemento de subvencións*».

A normativa non esixe que o PES sexa único, no sentido de que cada órgano ou entidade con personalidade xurídica propia vinculada ou dependente do Concello que outorgue subvencións podería elaborar e someter á aprobación o seu propio Plan estratéxico. O artigo 11 do RXS determina que haberá un PES por cada Ministerio, pero nada sinala para o resto de administracións públicas distintas da estatal, sen prexuízo do carácter non básico do artigo.

En concellos cun nivel demográfico, económico e de complexidade administrativa similar ao Concello de As Nogais, adoita aprobarse un único Plan estratéxico de Subvencións (PES, no sucesivo) dado que o volume de subvencións a outorgar polas entidades que conforman o seu sector público institucional é moi residual e tendo en conta, ademais, todos os requisitos que a normativa esixe que se incorporen ao seu contido. Ao tempo, un único PES permite unha visión global da actividade de fomento da institución e do seu impacto no conxunto da sociedade e da economía do municipio.

Polo exposto, o presente PES segue a orientación maioritaria na elaboración e aprobación dos distintos PES pertencentes á Administración local polo que, tanto durante o seu ámbito temporal (2025-2027) como nos plans operativos anuais e nas súas modificacións e actualizacións estarán incluídas todas as liñas de subvencións a outorgar polo propio Concello.

A maior abastanza, considerase de interese resaltar no presente documento as liñas de axudas que non se inclúen no PES como liñas subvencionadas en virtude do seu réxime xurídico, a saber:

(a) As axudas municipais incluídas na Carteira de Servizos Sociais de Galicia como prestacións asistenciais, como as de axuda no fogar ou comidas a domicilio no ámbito da dependencia; a Renda Social Municipal que conta coa súa propia normativa reguladora ao amparo da Lei 13/2008, modificada pola Lei 6/2016, de 4 de maio, de economía social de Galicia e do Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, polo que se define a Carteira

de Servizos Sociais de inclusión de Galicia e a súa consideración como prestación asistencial ao amparo do artigo 2.2 a) da LSG e 2.4. da LXS;

(b) Así mesmo, as axudas de emerxencia municipais. A recente modificación do artigo 2.2 a) da Lei e Subvencións de Galicia (LSG) pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro de medidas fiscais e administrativas sinala que non teñen carácter de subvencións «*as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións asistenciais autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial*».

Asemade, descartáronse do plan aquelas transferencias que non son subvencións de acordo coa normativa xeral de aplicación por:

(a) Non ser subvencións ou non estar incluídas no ámbito de aplicación da LXS de acordo co artigo 2, puntos 2, 3 e 4 da LXS e artigo 2, punto 4 do RXS como as achegas de diñeiro entre o Concello e outra administración pública ou entidades a elas vinculadas; ou entre o Concello cara os distintos entes que conforman o sector institucional municipal; ou os convenios e concertos entre administracións cuxo obxecto sexa a realización de plans e programas conxuntos; as cotas ás asociacións que corresponden á condición do Concello como persoa xurídica socia e se rexen pola normativa de asociacións; as cotas ás distintas asociacións de concellos ou a organismos internacionais, etc.

(b) Ser subvencións, pero resultar excluídas da aplicación da LXS segundo o artigo 4, como as subvencións aos grupos políticos da corporación (se ben deben de publicarse na BDNS) ou os premios outorgados sen solicitude previa da persoa beneficiaria.

(c) Os anticipos de haberes por serlles de aplicación a normativa fiscal e orzamentaria das retribucións ao traballo; nin tampouco o uso gratuíto por entidades sociais de bens inmobles do patrimonio municipal ao resultarlles de aplicación a tales cesións a normativa patrimonial.

2. Liñas subvencionables do Plan estratéxico de subvencións e natureza xurídica do mesmo.

2.1 Ámbito orzamentario e temporal do Plan

As distintas liñas subvencionais que se incorporan corresponden a análise do actual anexo de subvencións nominativas que acompaña ao Orzamento Xeral 2025, así como de todos os gastos previstos no capítulo IV e VII do Orzamento.

De acordo co previsto no artigo 11.4 do RXS o ámbito temporal do presente PES abarca os exercicios 2025 a 2027 inclusive, establecendo non obstante unha aprobación anual do seu correspondente Plan Operativo que concretará obxectiva e subxectivamente as distintas liñas subvencionais, a súa cuantificación económica correspondente e as aplicacións orzamentarias específicas, unha vez aprobados ou prorrogados os orzamentos municipais e definidas as aplicacións do capítulo IV e VII, tanto as correspondentes a subvencións nominativas como as de convocatoria en concorrencia e directas. Non obstante, algunha liña subvencional, pola especial natureza do sector afectado, poderá ter unha maior duración.

2.2 Principios xerais da xestión subvencional

Partindo dos principios aplicables á xestión da actividade subvencional que consagra o artigo 8.3 da LXS, os que derivan do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, os derivados do cumprimento da normativa de transparencia e das normas de bo goberno e administración e os xerais que rexen a actividade das administracións públicas, constitúen principios xerais para a xestión das liñas de subvención do PESCV e que deben rexer tanto no establecemento como na xestión das distintas liñas de subvencións do mesmo os de: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos destinados a tal fin.

2.3 Beneficiarios e materias nas que se establecerán subvencións.

O Concello concederá subvencións mediante convocatoria pública ou a través da firma de convenios de colaboración ou acordos, a favor de persoas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

As liñas de subvencións previstas no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de As Nogais para os exercicios 2025-2027 son as seguintes:

Liña 1: Fomento da cultura, o ocio, a xuventude, e o turismo no municipio de As Nogais, nos seus distintos ámbitos.

Obxectivo estratéxico: Apoiar a realización de proxectos e/ou actividades das asociacións sen ánimo de lucro ou das comisións de festas existentes no Concello, con fin de desenvolver accións de carácter cultural, deportivo, de ocio, en materia de igualdade, xuvenil e turístico.

Obxectivos específicos:

- Fortalecer o movemente e tecido asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, ocio, ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo de organización de eventos festivos, tradicionais ou innovadores, que fomenten o turismo nos seus distintos ámbitos.
- Fomentar a participación da mocidade e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas nas bases de execución dos orzamentos municipais.

Prazo de execución: anual

Custos previsibles: 8.000,00 euros anuais.

Financiamento: O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos, sen prexuízo das subvencións que posteriormente se poidan conceder para financiar os mesmos.

Liña 2: Fomento da acción social e loita contra o despoboamento.

Obxectivo estratéxico: Fomento da natalidade

Obxectivo específico:

- Fomentar a natalidade no termo municipal, a fin de paliar o crecemento vexetativo negativo.

Prazo de execución: anual

Custos previsibles: 1.000,00 euros anuais.

Financiamento: O financiamento levará a cabo con fondos propios, con cargo ao capítulo cuarto dos Orzamentos, sen prexuízo das subvencións que posteriormente se poidan conceder para financiar os mesmos.

3. Relativo ao outorgamento directo de subvencións.

De conformidade co disposto no artigo 22.2 da LXS, poden concederse subvencións directamente (sen concorrencia pública) en tres supostos, que practicamente se reconducen a dous (os apartados a e c):

«a) As previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, nos termos recolleitos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

A efectos do establecido no parágrafo anterior, enténdese por subvención prevista nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do Orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

b) Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo con a súa propia normativa.

c) Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Este precepto está desenvolto no art. 65 do RXS, segundo o cal:

«1. A efectos do disposto no artigo 22.2 a) da Lei Xeral de Subvencións, son subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do orzamento.

2. Na Administración Xeral do Estado, nas Entidades Locais e nos organismos públicos vinculados ou dependentes de ambas, será de aplicación ás devanditas subvencións, en defecto de normativa específica que regule a súa concesión, o previsto na Lei Xeral de Subvencións e neste Regulamento, salvo no que nunha e outro afecte á aplicación dos principios de publicidade e concorrencia.

3. O procedemento para a concesión destas subvencións iniciarase de oficio polo centro xestor do crédito orzamentario ao que se imputa a subvención, ou a instancia do interesado, e terminará coa resolución de concesión ou o convenio.

En calquera dos supostos previstos neste apartado, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión para os efectos do disposto na Lei Xeral de Subvencións.

A resolución ou, no seu caso, o convenio deberá incluír os seguintes extremos:

- a) *Determinación do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.*
- b) *Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.*
- c) *Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*
- d) *Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.*
- e) *Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos».*

Dos dous preceptos expostos dedúcese que para que poidan considerarse subvencións nominativas deben cumprir os seguintes requisitos:

- i. A subvención debe estar prevista expresamente no Orzamento municipal, con indicación do beneficiario, do importe e do obxecto; normalmente figuran como anexo ás Bases de Execución do Orzamento municipal. Todo elo sen perxuízo das subvencións excepcionais ás que fai referencia o artigo 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sempre e cando queden acreditadas as razóns de interese público, social, económico ou humanitario.
- ii. A subvención debe ter crédito adecuado e suficiente no estado de gastos, sendo congruente coa clasificación por programas e económica do crédito orzamentario.
- iii. A pesar de estar prevista expresamente no Orzamento municipal, require dun acto administrativo expreso de concesión da subvención.
- iv. O procedemento para a concesión da subvención nominativa pódese iniciar de oficio ou a instancia do interesado.
- v. O acto de concesión ou o convenio que articule a subvención ten o carácter de bases reguladoras da subvención.
- vi. A resolución pola que se concede a subvención ou o convenio que se subscriba debe incluír necesariamente os seguintes aspectos:
 - a) O obxecto da subvención e dos seus beneficiarios, de acordo con a asignación orzamentaria.
 - b) Crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario se fosen varios.
 - c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.
 - d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deberán achegar os beneficiarios.
 - e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
- vii. Transcorrido o exercicio e terminado o efecto do orzamento xa non se pode conceder a subvención, porque o Orzamento deixou de ter vixencia. Así o lembrou a Sentenza do TS do 26 de xaneiro de 2015, que considera que: *«Se se parte da inaplicabilidade das leis de orzamentos para os exercicios de 2010 e 2011, a pretensión da demandante: a de que se lle outorgue no ano 2012 unha subvención para a realización de accións de fomento de emprego correspondentes aos exercicios de 2010 e 2011, carece por completo de cobertura legal. Sen ela, non cabe que, ausente o título legal, o só xogo dos arts. 14 e 28 CE por unha discriminación sufrida no pasado, alume un título inexistente».*

En virtude do tenor de disposto con anterioridade, será a resolución pola que se conceda a subvención ou o convenio que a articule onde se determinará a documentación que se debe esixir ao beneficiario para que xustifique os fondos esixidos.

Neste senso compre lembrar que o artigo 69 do RXS dispón que: *«A xustificación polo beneficiario do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención, poderá revestir as seguintes modalidades:*

- 1) *Conta xustificativa, adoptando unha das formas previstas no Sección 2.ª deste Capítulo.*
- 2) *Acreditación por módulos.*
- 3) *Presentación de estados contables».*

Así pois, en función da modalidade que se adopte para a xustificación, a documentación presentará unha forma ou outra; tendo en consideración que, tal e como indica o artigo 71 do RXS, «a xustificación da subvención terá a estrutura e o alcance que se determine nas correspondentes bases reguladoras», é dicir, na resolución pola que se concede a subvención ou o convenio que se subscriba.

En todo caso, sinalase que a conta xustificativa debe conter a documentación que se menciona no artigo 72 do RXS.

As Nogais, 13 de marzo de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 0676

OUTEIRO DE REI

Anuncio

De acordo con disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, Artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e demais Disposicións de aplicación, faise público que en sesión plenaria de data 22 de decembro de 2023 aprobouse definitivamente, o estudo de detalle para o axuste de aliñacións na parcela 27039A03000638, no núcleo de Francos, parroquia de Francos, presentado por Constantino Casanova Quiñoá.

Consecuentemente có referido Artigo 88 da Lei da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, faise constar que con data 12 de marzo de 2025 foi incrio no Rexistro de Planeamento de Galicia o Estudo de detalle para o axuste de aliñacións na parcela 27039A03000638, no núcleo de Francos, parroquia de Francos, presentado por Constantino Casanova Quiñoá co número de Rexistro ROTPG/P/14/2025

O contido do estudo de detalle aprobado é como segue:

O obxecto do estudo de detalle aprobado é o axuste de aliñacións respecto ao camiño publico da parcela con referencia catastral 27039A03000338 non afectando a ningunha outra propiedade privada.

O estudo de detalle permite a ampliación do camiño público para conseguir un ancho mínimo de 3.5 m como mínimo en calquera punto lindeiro coa parcela.

A parcela atópase delimitada por un muro de pedra tradicional en estado deteriorado. A proposta da nova delimitación da parcela aparece grafiada no Plano 02, onde se sinala a dimensión do camiño existente, o muro da parcela e a nova posición do muro para executar. Dando como resultado un camiño co ancho definitivo sinalado no Plano adxunto 02 e 03.

O plan establece unhas aliñacións xenéricas en función do tipo de estrada ou camiño de que se trate sendo neste caso de 5 m desde o eixo do camiño pero facendo algunhas excepcións entre as que se atopa a que afecta os peches tradicionais existentes de modo que a aliñación deberá deajustará ao devandito peche.

Non obstante a ordenanza tamén indica que se poderá demoler calquera peche tradicional que non estea inventariado por causa xustificada de interese público fixándose as aliñacións de maneira detallada por medio do correspondente instrumento de plan.

Neste caso existe un motivo de interese público que xustifica a demolición do peche tradicional que é o ancho do camiño actual que difitulta a circulación de vehículos polo mesmo sendo este camiño a única entrada posible para unha serie de edificacións que dan a este camiño.

Co fin de garantir un ancho mínimo de polo menos 3.50 m todo ao longo do camiño é necesario a demolición de parte do peche tradicional e realizar a cesión necesaria para ampliación do viaro.

Co fin de conservar a imaxe tradicional do camiño deberase de reconstruír o devandito peche na nova aliñación que se aprobe e que vén definida no presente estudo de detalle.

O propietario deberá de ceder o terreo exterior á nova aliñación.

Outeiro de Rei, 13 de marzo de 2025.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0677

RIBADEO

Anuncio

Resolución de Alcaldía núm. 2025-0283 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo de estabilización de emprego se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025-283 de data 10/03/2025, unha vez concluído o proceso selectivo de estabilización de emprego, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Juan José Martínez Pérez	**1969**

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Servizos de Mantemento de Instalacións e Infraestruturas.
Ide. Posto	1031/3 RPT
Denominación do posto	Chófer rozadora.
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	10/03/2025
Escala	Administración Especial
Subescala	Chófer
Clase/Especialidade	Servizos Especiais
Grupo/Subgrupo	Equiparado "C2" .

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 10 de marzo de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0684

SOBER

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA TEMPORAL DO POSTO DE BIBLIOTECARIO/A POR NECESIDADES DO SERVIZO (BAIXAS, VACACIÓNS, PERMISOS OU ASIMILABLES)

PRIMEIRO.- Normas xerais

Constitúe o obxecto da presente convocatoria a constitución dunha Bolsa de Emprego na categoría de bibliotecario/a, grupo A2, mediante contratación laboral temporal, que permita cubrir de forma áxil os períodos de vacacións, baixas, permisos ou asimilables.

As funcións a desenvolver consistirán en atención ás persoas usuarias do Servizo de Biblioteca municipal, colocación e ordenación de fondos bibliográficos, tarefas de apoio e rexistro de fondos bibliográficos e preparación dos mesmos para a súa posta a disposición do público, introducción de datos correspondentes ao rexistro de exemplares nas bases de datos bibliográficas, realizar a través da Biblioteca as campañas e actividades de animación sociocultural e de promoción da lectura que se lle encomenden, responder en todo momento do material e libros que se lle confíen, servizo de préstamo e devolución de libros, expedición de carnés de usuario/a, así como aquelas outras funcións que se lle encomenden no ámbito de desenvolvemento de actividade da Biblioteca municipal.

SEGUNDO.- Modalidade do contrato

O contrato será de carácter laboral temporal, de duración determinada, baixo a modalidade contractual prevista no artigo 15.2 do Estatuto dos Traballadores e desenvolvida no R.D. 2720/98, para cubrir as necesidades do Servizo de Biblioteca Pública Municipal do Concello de Sober, xeradas por dereito a vacacións, baixas, permisos ou asimilables. A xornada laboral será a tempo parcial (60% con posibilidade de ampliar

por necesidades do servizo horarios de traballo poderán ser de mañá, de tarde, ou a xornada partida, segundo as necesidades do servizo.

O contrato estará suxeito á normativa de incompatibilidades prevista para os empregados públicos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do personal ó servizo das Administracións Públicas.

A duración previsible dos contratos será a necesaria para a cobertura das necesidades xeradas.

As características do posto son as seguinte:

Denominación	Grupo	Xornada mínima	Retribución
Bibliotecario/a	A2/II	60% (4 horas/día de 16:00-20:00 horas Lunes a Viernes) (2,5 horas/sábado de 11:00 a 13:30 horas)	770,95€ Brutos/mes (14 pagas)

TERCEIRO.- Condicións de Admisión de Aspirantes

Poderán participar no proceso selectivo os/as aspirantes que reúnan, á data de remate do prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro e 50 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- Nacionalidade: ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público.
- Idade: ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- Capacidade funcional: posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do correspondente contrato.
- Habilitación: non ter sido despedido/a, mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- Compatibilidade: non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas (LIPAP).
- Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter o título universitario de grao en Información e Documentación ou grado da rama de humanidades ou ciencias sociais. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Posuír o certificado Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, ou obter a calificación de apto na proba de galego
- Carencia de delitos de natureza sexual.

CUARTO.- Publicidade da convocatoria

A convocatoria e as bases publicarase no (BOP) Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Sober: <https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello. A solicitude acomodarse ao modelo previsto no Anexo II destas bases.

QUINTO.- Forma e Prazo de Presentación de Instancias

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sober.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeneral deste Concello ou por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de cinco (5) días LABORAIS, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día do prazo coincide con sábado, domingo ou festivo, entenderase que o prazo remata o primeiro día laboral seguinte.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal, copia autenticada ou copia compulsada:

- Solicitude de participación: Anexo destas bases, debidamente cumplimentada e asinada polo solicitante.
- DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Grado ou titulación equivalente.
- Certificado de non ter antecedentes referidos a delitos de natureza sexual.

- Informe de informe de vida laboral actualizado á data de presentación de instancias.
- Documentación acreditativa dos méritos que se aleguen a efectos de valoración na fase de concurso, incluíndo a COPIA DOS CONTRATOS ou certificado de empresa - xunto coa vida laboral ACTUALIZADA- , así como diplomas, cursos, etc...

Deberanse acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

SIXTO.- Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de instancias o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Sober, ditará resolución aprobando a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello.

Concederáse un prazo de dous días hábiles para reclamacións, se as houbera, e/ou para emendar os defectos de documentación. Rematado o prazo de reclamacións , a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica do Concello.

No caso de que non existan persoas excluídas, publicarase únicamente a lista definitiva de admitidos/as.

SÉPTIMO.- Tribunal Cualificador

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal Cualificador estará conctituido por:

- 1 Presidente
- 1 Secretario que será tamén vogal
- 3 Vogais

Os membros do tribunal srán nomeados polo Alcalde. A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de confirmidade co artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVO.- Sistema de Selección

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes será o concurso de méritos:

Puntuación máxima: 10 puntos.

1. Experiencia profesional: máximo 6 puntos.

- Por cada mes completo de servizos prestados nunha Administración Pública no posto de bibliotecaria/a ou categoría similar mediante relación laboral ou funcionarial: 0,20 puntos, ata un máximo de 4 puntos.
- Por cada mes completo de servizos prestados en empresas privadas no posto de bibliotecaria/a ou categoría similar mediante relación laboral: 0,10 puntos, ata un máximo de 2 puntos.

No se terán en conta á hora de efectuar a valoración os períodos inferiores ao mes de servizo.

Os méritos alegados acreditaranse mediante informe de vida laboral ao que se lle deberán xuntar os oportunos contratos ou certificación expedida pola Administración onde se prestaron os servizos. Na dita documentación deberá quedar acreditado a equivalencia entre os postos desempeñados cos da presente convocatoria.

2. Formación: máximo 4 puntos.

– Por cursos de formación sobre materias directamente relacionadas co posto de traballo, impartidos por Administracións Públicas, Organismos Oficiais dependentes de calquera das administración públicas ou homologados por estas. Ata un máximo de 3 puntos, de acordo coa seguinte escala :

- a) Por cada curso de ata 30 horas: 0,20 puntos.
- b) Por cada curso de ata 31 a 100 horas lectivas: 0,30 puntos.
- c) Por cada curso de 101 a 200 horas lectivas: 0,50 puntos.
- d) Por cada curso de máis de 200 horas lectivas: 0,75 puntos.

Os méritos alegados neste apartado acreditaranse mediante a presentación do orixinal ou copia compulsada do título ou certificado de realización de cada curso, no que deberá constar expresamente o número de horas do curso e un resumo das materias impartidas.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

3. Proba de Galego

De conformidade co disposto no art. 11.2 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia e o artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, aqueles aspirantes que non acrediten posuír o título de galego esicido nas bases da convocatoria realizarán unha proba de galego que consistirá na tradución dun texto.

NOVENO.- Cualificación final

O resultado final do proceso de selección, será o que resulte da suma da puntuación de todos os méritos. En caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no apartado de experiencia profesional (apartado 1). De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos no apartado de formación (apartado 2). Se persiste o empate resolverase por sorteo público.

O tribunal publicará na sede electrónica <https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0> a puntuación definitiva do proceso selectivo.

Os aspirantes disporán dun prazo de un (3) días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación para efectuar as alegacións pertinentes.

DÉCIMO.- Bolsa de emprego

Finalizado o proceso selectivo e, resoltas no seu caso as reclamacións, o tribunal elevará a proposta á Alcaldía dos candidatos para que se aprobe a constitución da bolsa de emprego coa orde de prelación definitiva de aspirantes, por orde decrecente de puntuación, para asegurar a cobertura do posto cando se produzan determinadas eventualidades temporais: vacacións, incapacidade temporal, permisos, licenzas, situacións coxunturais de urxencia e necesidade ou calquera outra circunstancia similar, quedando garantizado deste xeito o funcionamento do servizo de Biblioteca municipal.

A bolsa de emprego publicarase na sede electrónica <https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>

É condición inescusable para a pertenza á devandita lista o mantemento durante a vixencia desta dos requisitos relacionados na base número 4.

O chamamento dos/as aspirantes que figuren na lista de agarda, utilizarase cando por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa necesaria a contratación laboral temporal en calquera das modalidades existentes.

Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes/as figuran na lista de espera.

Os chamamentos efectuaranse mediante chamada telefónica e correo electrónico. Realizaranse un máximo de tres chamadas entre as 8:00 e as 15:00 horas, mediando entre elas un mínimo de dúas horas e o envío dun correo electrónico, de ser posible e necesario. Se no se tivera resposta en ningunha das tres chamadas nin ao correo electrónico, considerarase realizado o chamamento.

A realización dos chamamentos na forma indicada requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número/os de teléfono e dirección de correo electrónico). Para estes efectos, as persoas aspirantes deberán manter actualizados os datos relativos ao teléfono de contacto e correo electrónico, debendo comunicar ao concello calquera modificación dos mesmos.

A aceptación da oferta efectuarase por escrito con rexistro de entrada no Concello de Sober, antes das 14:00 horas do segundo día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

O resultado dos chamamentos quedará reflectido no expediente.

Os/as integrantes da lista serán movidos/as ao final da lista polos seguintes motivos:

- Non aceptar, ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta.
- Non presentar, dentro do prazo fixado tras a aceptación dunha oferta, a documentación requirida para a contratación laboral, ou se da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.
- Renunciar á continuidade no desempeño dun posto de traballo, ou ter sido separado do servizo por sanción disciplinaria, unha vez que foi nomeado/a.
- No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a formalizar o contrato será substituída pola seguinte seguindo a orde de prelación da lista de espera.

Consideraranse como causas xustificadas para a renuncia ao chamamento, as seguintes:

- a) Ser beneficiario/a dunha prestación recoñecida pola Seguridade Social (maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, etc.).
- b) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.
- c) Estar prestando servizos ao concello noutra praza ou posto de traballo.

En calquera destes casos conservarase o posto na lista, sen prexuízo do chamamento, nese momento, á seguinte persoa na lista.

Baixa definitiva

Daranse de baixa definitiva da lista a aquelas persoas que:

- Voluntariamente se así o solicitan mediante escrito presentado no concello.
- Non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade.
- Falezan, sexan incapacitadas permanentemente, cumplan a idade regulamentaria de xubilación, ou queden inhabilitadas definitivamente para o desenvolvemento de responsabilidades e funcións públicas.

Vixencia da lista

A lista de espera resultante deste proceso selectivo permanecerá en vigor ata a aprobación dunha nova lista de espera resultante dunha convocatoria posterior que, nese caso, anulará a lista derivada do presente proceso.

En todo caso, a existencia da lista non implica a obriga para o concello de contratar se non o considera necesario.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

A persoa aspirante será requerida para que no prazo máximo de tres (3) días laborais, dende que se publique na sede electrónica do concello, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e os requisitos esixidos na convocatoria.

Se dentro do prazo indicado (agás nos casos de forza maior, debidamente acreditados), a persoa aspirante non presentara a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser contratada como persoal laboral temporal e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera incorrer por falsidade; neste caso, efectuarse un novo chamamento á persoa aspirante que corresponda por orde de puntuación.

Formalización

Presentada a documentación pola/os interesada/os, o Sr. Alcalde procederá á formalización do contrato de traballo temporal, substituindo á titular, por período determinado, a xornada parcial (60%), coa categoría de bibliotecario/a, grupo A2.

DÉCIMO SEGUNDO.- Réxime de recursos

As presentes bases e a convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesado/a, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Alcalde que as aprobou, no prazo de 1 mes, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, ou ben interpor, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, en ambos casos contados dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de Lugo (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso- Administrativa). Se se optase por interpor recurso de reposición potestativo, non se poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

DÉCIMO SEGUNDO. Incidencias

Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven da mesma, así como as actuacións do Tribunal poderán ser impugnadas pola/o interesado/a nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa. O chamamento realizarase seguindo a orde de puntuación que fose obtida polos aspirantes. Notificado ao mesmo, o prazo para que se presente será de 2 días naturais. No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986,

de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; a Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e o Real Decreto Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e no que non estea reservado á lexislación do Estado será de aplicación o Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do EBEP.

DÉCIMO TERCEIRO . Protección de datos.

En cumprimento da obrigación prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Protección de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

1.- DATOS DO RESPONSABLE

Identidade do responsable do tratamento:

- Identidade do responsable do tratamento: CONCELLO DE SOBER, provisto de CIF P2705900E
- Domicilio en Praza do Concello, S/N, 27460, Sober, Lugo
- Teléfono: 982460001
- Correo electrónico: info@concellodesober.com

2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico

Datos académicos

Datos profesionais de experiencia laboral

3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

4.- LEXITIMACIÓN

Base Xurídica do tratamento

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos infórmase que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan pola Concello de Sober. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigación legal.

6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Sober ou por correo electrónico a secretaria@concellodesober.com

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñecenlle.

Sober, 13 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, Luis Fernández Guitián.

ANEXO

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DA PRAZA DE BIBLIOTECARIO/A PARA A COBERTURA TEMPORAL DE SITUACIÓNS DE BAIXA, VACACIÓNS , PERMISOS OU ASIMILABLES. PERSOAL LABORAL TEMPORAL. SISTEMA DE CONCURSO.

DATOS DO/A INTERESADO/A:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI:	TELÉFONO:	
	Correo electrónico:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO:	CÓD. POSTAL
	PROVINCIA:	

DECLARO:

1º.- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada. Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Estar en posesión do título de Diplomatura ou Grado na rama de Ciencias Sociais ou Humanidades esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza, e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas referidas bases, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoas ao servizo das Administracións Públicas.

3º.- Que apporto todos os documentos que se relacionan nas presentes bases.

4º.- Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.

5º.- Que declaro non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a ditos postos e, non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma nestas bases.

Por todo o anterior,

SOLICITO: Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando a estes efectos a seguinte documentación (requisitos de participación e méritos):

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10
-

Sober, a de de

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER (LUGO)

R. 678

Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), CONTRATACIÓN ANTICIPADA, E DACORDO COA SEGUINTE RELACIÓN:

1 POSTO DE MONITOR-A MULTIDISCIPLINAR DEPORTES, 6 MESES, 50 % DE XORNADA, COA TITULACIÓN DE TÉCNICO-A SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS OU EQUIVALENTE.

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 14/02/2025, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección de un traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2025 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 13 de marzo de 2025.- O Alcalde-Presidente, Luis Fernández Guitián.

R. 0679

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 12.03.2025 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 12.03.2025 aprobou as bases para seleccionar **1 MONITOR DE DEPORTES** no marco do **PLAN DIPUTACIÓN PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024**. Duración: 6 meses

- Xornada: 75%.
- Salario: a retribución mensual bruta será incluído o rateo das pagas extra. **de 1.036,00€.**
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 12 de marzo de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 0680

VIVEIRO

Anuncio

Resolución do 13 de marzo de 2025 da Alcaldesa de Viveiro, pola que se somete a información pública, ós efectos do previsto no artigo 9 do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, modificado pola Lei 5/2017 do 19 de outubro; o proxecto ““Melloras estruturais para a redución do risco de inundación da ARPSI fluvial ES014-LU-1701201 Río Fontecova. Viveiro (Lugo). Clave OH.427.697”.

Pola cal; RESOLVE:

Abrir un prazo de 20 días hábiles de exposición pública do mencionado proxecto, contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro do Concello. O proxecto atoparase a disposición do público no departamento de Urbanismo e Medio Ambiente do Concello de Viveiro. As posibles alegacións presentaranse durante o prazo sinalado, mediante escrito dirixido a Alcaldía.

Viveiro, 13 de marzo de 2025.- A Alcaldesa, M^a Carmen Gueimunde González.

R. 0685

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – DEPUTACIÓN

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA CATORCE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO DE CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO ANEXO 3 DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ORZAMENTO DE GASTOS, DO PROCEDIMENTO DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2025.

BDNS (Identif.): 818567

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/818567>)

PRIMEIRO.- Visto que Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, prestoulle aprobación ás bases da convocatoria que rexerán no procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2025, do gasto e dos modelos de solicitude e de conta xustificativa, e cuxo extracto de convocatoria e respectivo anuncio da Área de Deportes se publicaron no BOP nº 55 de Lugo de 8 de marzo de 2025.

SEGUNDO.- Tendo en conta que nas referidas bases da convocatoria, punto 7. IMPORTE E CÁLCULO DA SUBVENCIÓN, determínase que o importe máximo de subvención que a Deputación Provincial poderá conceder será de 6.000,00 €.

TERCEIRO.- Á vista do erro material detectado no Anexo 3, declaración responsable de orzamento de gastos, aprobado no referido acordo de Xunta de Goberno de vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, consistente en indicar no ?importe da axuda solicitada máximo 5.000,00 €?, cando o importe establecido nas bases aprobadas ascende a 6.000,00 €.

CUARTO.- Visto que de acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: ?As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos?.

QUINTO.- Visto que o erro material consistiu na mala transcripción no ANEXO 3 da cifra de importe máximo de axuda que a entidade podería solicitar, respecto do recollido nas base da convocatoria e no respectivo extracto da convocatoria e anuncio da Área de Deportes publicados no nº 55 do BOP de Lugo, de 8 de marzo de 2025 e que por tanto se acredita que é patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de

normas xurídicas e que igualmente non produce unha alteración fundamental no sentido do acto, procede corrixir o erro detectado.

SEXTO.-Tendo en conta que a competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto, neste caso a Xunta de Goberno.

Á vista do informe do servizo de Deportes.

Por todo o exposto, o Deputado Delegado que subscribe, proponlle á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Corrixir e emendar o erro sinalado no Anexo 3, declaración responsable de orzamento de gastos, do procedemento de concorrencia competitiva de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, ano 2025, aprobado no referido acordo de Xunta de Goberno de vinte e oito de febreiro de dous mil vinte e cinco, no seguinte sentido:

- Onde di (ANEXO 3):

IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA (MÁXIMO 5.000,00 €)

- Debe dicir (ANEXO 3):

IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA (MÁXIMO 6.000,00 €)

Lugo, 17 de marzo de 2025.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 0705

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – CHANTADA

Anuncio

CONVOCATORIA AXUDAS Á NATALIDADE 2025

BDNS (Identif.):820402

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/820402>)

PRIMEIRO.- OBXECTO

O obxecto das presentes bases é a regulación das axudas á natalidade incluídas no orzamento do ano 2025 do Concello de Chantada, destinado a fixar poboación mediante o incentivo ao nacemento e crianza de nenos/as no municipio.

SEGUNDO.- BENEFICIARIOS

Serán beneficiarios/as desta axuda os pais e nais que están empadroados no municipio de Chantada e que teñan ou adopten un fillo/a en o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2025 e que cumpran os seguintes requisitos:

A) Os pais, ou polo menos un deles, deberán estar en situación regular en España e estar empadroados no Concello de Chantada cunha antelación mínima de 1 ano desde a data de parto ou adopción.

B) Os nenos/as nados/as ou adoptados/as deberán estar empadroados no Concello de Chantada.

C) Os solicitantes ou solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroados no Concello de Chantada, el/ela e os nenos/as, por un período de catro anos desde o nacemento ou adopción.

O empadramento deberá supor a residencia efectiva, polo que tanto o beneficiario/a de as axudas como os nenos/as deberán vivir habitualmente no municipio de Chantada. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello, solicitando infórmelos pertinentes (traballadores sociais, policía local, etc.

No caso de que non se cumprise este requisito iniciárase un procedemento de reintegro da subvención.

TERCEIRO.- CUANTIA DAS AXUDAS

LINEA 1: As axudas serán de 800 euros por neno/a nado/a ou adoptado/a, entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 31 de decembro de 2025.

LIÑA 2: :As axudas seran de 400 euros por neno nado entre 1 de xaneiro de 2024 e 31 de decembro de 2.024.

CUARTO.- BASES REGULADORAS

Pódense consultar na páxina web do Concello <http://www.concellodechantada.org> .

QUINTO-.ORZAMENTO

Crédito total de 45.000 € , con cargo á aplicación orzamentaria 231-489.06.

SEXTO.- PRAZO PRESENTACION

LIÑA 1: O prazo de presentación será de 4 meses desde o nacemento ou adopción do fillo/a excepto os nados entre o 1 de xaneiro e a publicación destas bases que empezará a computar a partir da publicación no BOP de Lugo.

LIÑA 2: O prazo de presentación de solicitudes será desde a publicación destas bases até o 30 de outubro de 2025.

INFORMACIÓN : CONCELLO DE CHANTADA-EDUCADORA SOCIAL 982462299 EXT. 3

Chantada, 14 de marzo de 2025.- O Alcalde, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 0686
